

Xabier Moure

Colectivo Patrimonio dos Ancares

Historias, Lendas e Tradicións

Concello de Cervantes



Historias, Lendas e Tradicións *Concello de Cervantes*

Reservados todos os dereitos.

O contido desta obra está protexido pola lei que establece penas e/ou multas, ademáis das correspondentes indemnizacións por danos e prexuízos, para quen reproduza, plaxie, distribúa ou comunique publicamente, en todo ou en parte, unha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización do propietario do copyright.

Reservados todos los derechos.

El contenido de esta obra está protegido por la ley que establece penas y/o multas, demás de las correspondientes indemnizaciones por daños y perjuicios, para quienes reproduzcan, plagien, distribuyan o comuniquen publicamente, en todo o en parte, una obra literaria, artística o científica, o su transformación, interpretación a ejecución artística fijada en cualquier tipo de soporte o comunicada a través de cualquier medio, sin la preceptiva autorización del propietario del copyright.

Copyright © 2017 by Deputación de Lugo

© Historias, Lendas e Tradicións do concello de Cervantes
Xabier Moure
Colectivo Patrimonio dos Ancares

Edita: Deputación de Lugo
San Marcos, 8 / 27001 Lugo

Deseño e Maquetación:
Servizo de Comunicación
Deputación de Lugo

Dep. Legal: LU - 117- 2017

Printed in Spain

INDICE

A deusa Navia	9
A deusa Deva	9
O castro de Cela	10
O castro da Pena Tallada	10
O castro de Santa María	10
A Aira dos Mouros	10
A Cortiña dos Mouros	11
A Pena dos Mouros	11
A Pena da Novia	12
Un tesouro na parroquia de Cereixedo	12
A fonte do tesouro	12
A doniña cerva	12
O afiador de Ourense	13
O Pico dos Tres Bispos	13
A Cabana dos Estremeños	14
Rituais sobre a morte	14
As ánimas	15
Tradicións do Nadal	15
O entroido	16
Rogativas	16
As campás da igrexa de Donís	16
O mosteiro de Dorna	17
O santuario dos Remedios	17
O nome da aldea de San Rebordín	17
O matrimonio	18
O casamento de trato	18
O hórreo	18
A lareira	19
A palloza	19
O lume	20
O castiñeiro e a castaña	21
Médicos, cirurxáns, compoñedores, curandeiros... ..	21
Remedios contra a caída da paletilla	22
Os orizós ou orizopos	23
A pandeira	23

INDICE

Penas Mulleres	24
A Pena do Santo	24
A fonte dos Namorados	25
A fonte de María González	25
O cardenal Álvaro de Mendoza	26
A república independente de Donís	26
A cova da meiga	27
A cova dos mouros	27
A furada da raposa	27
Dámaso Alonso nos Ancares	28
En busca de Xosé María Castroviejo	29
A pita do monte	29
O derradeiro oso dos Ancares galegos	30
O encantamento da Campa do Barreiro	31
Unha cidade nos Ancares: Capara	32
O pazo de Saavedra	32
As bruxas na Franxueira dos Olmos	32
O Renubeiro	33
O enterro do home que estaba vivo	34
O lobishome de Doiras	34
O lobishome de Vilarello de Donís	35
Unha historia de lobos	36
A orixe do nome de San Tomé de Cancelada	36
Un morto mata catro vivos na Franxueira dos Olmos	37
En Cervantes, un morto mata dous vivos	38
Un crime no Portelo	38
Bibliografía	39

PRESENTACIÓN

Conservar as historias, os mitos, as lendas, os ritos e as tradicións, en moitos casos os grandes descoñecidos na terra onde naceron, é unha forma máis de preservar a milenaria cultura de Galicia. Ademais de aconteceres fantásticos e lendarios tecidos ao longo dos séculos, e dos ritos e tradicións que practicaban as súas xentes (e que en moitos casos, con lixeiras variantes, aínda se continúan a practicar), tamén imos falar de persoas e de episodios reais, moitas veces tráxicos, que forman parte inseparable da Historia do concello de Cervantes.

No Colectivo Patrimonio dos Ancares levamos recollidas máis de 400. A continuación achegamos unha pequena escolma, unhas xa coñecidas, outras inéditas, dende as que teñen a orixe no máis remoto pasado ata as nacidas no presente máis inmediato.

A DEUSA NAVIA

É unha das deidades galaicas mellor testemuñadas na epigrafía. Era a deusa dos ríos e da auga. Os ríos Navia e Navea, en Galicia, e o Neiva, en Braga, foron bautizados co seu nome. O vencello de Navia cos ríos explicaría a partir da concepción céltica da auga como elemento característico do acceso ao Alén a través da auga. Tamén está considerada como deusa facilitadora da Natureza, das augas, das fontes e dos ríos, e tamén dos bosques. O río Navia, que rega boa parte do concello de Cervantes, tomou o nome desta deusa.



Río Navia

A DEUSA DEVA

Etimoloxicamente significa "deusa ou divina", divindade céltica relacionada coas augas. É probable que a aldea de Deva, na parroquia de Cereixedo, fora así bautizada en honra desta deusa prerromana.

O CASTRO DE CELA

En Cela, na parroquia de Cereixedo. Cóntase que un bo día chegaron os mouros a Cela para apoderarse da aldea, mais os habitantes fixéronlles fronte e conseguiron expulsalos para o lugar onde logo construíron o castro.

O CASTRO DA PENA TALLADA

Sitúase no Fabal, na parroquia de Vilasante. O nome dállo unha gran rocha cunha fenda de máis de quince metros. Dise que existe un túnel polo que baixaban os mouros ata o río para que bebesen as cabalarías e para fuxir eles mesmos cando había liortas. Abaixo no río hai un gran barcal feito na pena para que bebesen sen ser vistos.

O CASTRO DE SANTA MARÍA

Dise que debaixo da igrexa de Santa María, construída na croa do castro, hai un túnel que comunica co río.

A AIRA DOS MOUROS

Lugar situado na parroquia de Vilaquinte. Cóntase que aquí vivían os mouros. No sitio hai unha pena onde se ve gravado unha especie de “zapato” que, disque, é a pegada do pé dun mouro. Tamén hai un pozo, construído polos mouros ou polos romanos, cheo de ouro. E había ouro por riba da primeira uceira onde daba o sol; a xente buscouno pero nunca o atopou, mais un día houbo un incendio e cando o lume chegou xunto a uceira a xente foi a apagar o lume e viron como o ouro corría por unha rebola abaixo.

A CORTIÑA DOS MOUROS

Trátase dun asentamento temporal (castra aestiva) de época romana emprazado nun cumio que domina as cabeceiras dos ríos Navia e Balboa, facendo divisoria de augas, entre O Bierzo e Cervantes. Estaba definido por un cerco ou parapeito de terra que na actualidade, na parte galega, non se aprecia moi ben debido aos intensos labores forestais. Nas inmediacións hai varios enterramentos megalíticos construídos hai máis de 5.000 anos. Segundo nos contou un veciño de San Miguel, no lugar, habitado polos mouros, había tres fornos para facer o cal que se utilizou na construción do castelo de Doiras.



Vista da Cortiña dos Mouros

A PENA DOS MOUROS

Situada xunto a aldea de Riamonte, parroquia de Vilarello. Un veciño de San Miguel contounos que na pena hai unha pequena cova onde vivían os mouros que custodiaban un tesouro.

A PENA DA NOVIA

Atópase entre as aldeas de Bustelo (parroquia do Castro) e Trigais (parroquia de San Pedro de Cervantes). Recibe o nome porque xunto dela casou unha moura que custodiaba un tesouro.

UN TESOURO NA PARROQUIA DE CEREIXEDO

Un veciño de Cereixedo contounos que entre Pando e Deva hai unha especie de sima onde hai tres olas: unha con ouro, outra con prata e a terceira con alcatrán. Quen as atope, se abre as dúas primeiras farase rico, mais se abre a de alcatrán estoupará todo. Dise que na parede da sima vense coma uns chanzos esculpados na rocha para baixar.

A FONTE DO TESOURO

Atópase na Valiña, un monte de Valgos, na parroquia de A Ribeira. Dise que aquí os carlistas gardaron un tesouro.

A DONIÑA CERVA

O castelo de Doiras coñécese tamén como da Ponte de Doiras ou de Ferreira, este último nome quizas pola súa proximidade coa ferraría de Fonquente. Construído sobre un rochedo no século XV, pertenceu ao conde de Grallal de Campos. Tirada dunha antiga lenda oral, A Doniña cervá, que os veciños transmitiron de xeración en xeración, disque Gustavo Adolfo Bécquer teceu aquí a lenda da Corza Branca. No castelo vivían uns señores que tiñan dous fillos, irmán e irmá. Un día a irmá marchou ao monte. Xa era noite e a rapaza non



regresara. Os pais, preocupados, ordenaron de facer unha batida para atopala pero, por máis que a buscaron, non deron con ela. Todos abandonaron a busca, mais o irmán seguía a intentalo. Un día que ía polo monte viu unha cervia branca e matouna. Como non podía levala só para a casa, cortoulle unha das patas dianteiras. Cando chegou ao castelo e sacou a pata do saco viu, espantado, que se trataba da man da súa irmá, que recoñeceu por un anel que tiña no dedo. Volveu ao monte e a cervia que matara convertérase no corpo da desgrazada doncela.

O AFIADOR DE OURENSE

Un afiador de Ourense levou o tesouro que se agochaba dende non se sabe canto tempo baixo o portón do castelo de Doiras.

O PICO DOS TRES BISPOS

Situado a 1.795 metros de altitude sobre o nivel do mar. Segundo a tradición, recibe o nome porque aquí se reunían os bispos das dióceses de Lugo, Astorga e Oviedo para dirimir os problemas de

xurisdición, polo que erradamente se cre que Tres Bispos é o límite entre as provincias de Lugo, Asturias e León cando en realidade atópase algo máis enriba do Cuíña. Trátase dun topónimo metafórico que mediante unha alegoría popular indicaba o lugar de confluencia das dióceses citadas.

A CABANA DOS ESTREMEÑOS

A Cabana dos Estremeños atópase na coñecida como Mallada de Piornedo ou do Mustallar. Alusión aos rabaños trashumantes que dende Extremadura viñan a estas terras. Nun preito na Real Audiencia do ano 1788 que nos facilitou un veciño de Murias de Rao, veciños de Suárbol (León), Moreira, Poso (Cervantes) e Murias (Navia de Suarna), denunciaron a dous veciños de Rao por arrendar ilícitamente os montes chamados de Xunquiñas e da Campa da Cespedosa “a un mayoral de rabaños trashumantes de la provincia de Extremadura, con cuyo hecho además de otros perjuicios que han representado se les privaba la leña, pastos y abrevaderos para los ganados de los citados lugares de Suárbol, Moreira, Poso y Murias”.

RITUAIS SOBRE A MORTE

Entre as aldeas de Piornedo e Donís existía un punto onde se detiñan as comitivas fúnebres. Mentres o párroco aproveitaba para cantar un responso, un parente do defunto espetaba na terra unha pequena cruz de madeira. No lugar había outras cruces, tantas como habitantes de Piornedo morreran. En Corneantes e Piornedo, despois do

enterro no cemiterio de Donís, toda a aldea ía xantar ou cear á casa do defunto; dábanlle patacas, pan de centeo, potaxe, touciño, viño e tamén leite.

AS ÁNIMAS

En moitas aldeas coidábanse de non varrer a casa de noite porque se lles daba para atrás ás ánimas, impedíndolles que se quentaran. Nalgunhas partes do concello crese que para cada persoa existe unha alma illada ou soa, a coñecida como Ánima Soila, que esperta ao que durme porque ten que cumprir cedo unha obriga ou emprender unha viaxe, bastando para ter o seu favor rezarlle un Painoso a véspera. Non falta, sen embargo, quen asegura que non debe rezarse á Ánima Soila porque é o mesmo demo Tamén se cría que as ánimas dos familiares viñan na Noite de Defuntos a quentarse xunto a lareira, e por iso se deixaba un gran pao aceso ata o amencer.

TRADICIÓNS DO NADAL

Por Noiteboa estaba extendido o costume de que os mozos percorreran as casas da veciñanza cantando panxoliñas acompañados dun gaitero, obtendo a cambio donativos que utilizaban para celebrar festa e baile. Arredor da festividade de Reis, a primeiros do mes de xaneiro, formábanse mascaradas que percorrían un amplo territorio visitando as distintas aldeas, recadando donativos cos que logo celebrar a festividade. Canto aos cantares encomezábbase sempre con estrofas de "pidir licenza" para actuar. Estas mascaradas desapareceron totalmente, fixando a súa decadencia na época da post-guerra.

O ENTROIDO

En Donís, o martes de entroido pola noite cada veciño facía unha facha, e con ela prendida ían cara unha fogueira situada ás afóras preparada polas mozas. Tocaban o tambor e bailaban lanzando gritos guturais, tradición posiblemente herdada, tal como nolo achegan os autores clásicos gregos e latinos, dos primitivos moradores prerromanos. Despois regresaban ao pobo e xuntábanse nunha casa onde comían e bebían viño.

ROGATIVAS

En Corneantes, parroquia de Donís, pidíanlle ao cura que fora a celebrar misa para dicir as letanías e arrenegar o trono. Tamén se celebraban procesións para evitar calamidades.

AS CAMPÁS DA IGREXA DE DONÍS

Igrexa de Donís



Ata a Guerra Civil, para "arroxar o demo", os habitantes de Piornedo baixaban ata a igrexa parroquial de Donís o día de Xoves Santo para tocar as campás. Tamén teñen sona de alonxar os tronos.

O MOSTEIRO DE DORNA

Ao parecer, a igrexa de San Xoán asenta sobre os restos dun primitivo mosteiro templario. Dise que os monxes-guerreiros eran os encargados e enterrar no cemiterio aos mortos da parroquia, non permitindo a inxerencia de cregos alleos á súa orde.

O SANTUARIO DOS REMEDIOS

Trátase dunha ermida situada en Tarnas, parroquia de A Ribeira. Algúns devotos levan a cabo procesións individuais ao redor da capela, de xeonllos ou camiñando.

O NOME DA ALDEA DE SAN REBORDÍN

San Rebordín é o nome dunha aldea da parroquia de Cereixedo. Cremos que se trata dun santo inexistente (un falso haxiotopónimo), no santoral católico non aparece. Como ben nos achegou o amigo Calros Solla, profesor de historia e lingua galega, atopamos o topónimo Rebordiños en Esgos, Guitiriz e Vilalba que deu en apelido, documentado xa no ano 1295. O arqueólogo André Pena Graña, de Narón, díxonos que vén do nome de persoa Reboritillio. Nicandro Ares fala dun diminutivo de Rebordo/Reboredo, derivado de robur, carballo, que no presente caso indicaría unha pequena carballeira, talvez posuída por Sanctius ou ser confusión de sauto, souto. Madoz,

no seu Dicionario Geográfico, escribe Reburdín, e Amor Meilán Robredín, quitándolle o San.

O MATRIMONIO

En Donís era onde se celebraban as vodas das aldeas da parroquia. Noivos, familiares, invitados e padriños, adobiados coas mellores galas, eran recibidos pola xente ao pasar polo camiño cara a igrexa; as mozas tocábanlle a pandeira e cantaban.

O CASAMENTO DE TRATO

Nun bo número de casos, o patriarca da casa era o que elixía con quen debían casar os fillos (casamento de trato). Nunha ocasión, un de Piornedo foi co seu fillo a Degrada a pedir a unha moza. A casa do pai era rica en gando e buscaba a aquela rapaza porque tamén a súa casa era forte. O fillo, o primeiro que fixo ao chegar á casa da pretendida foi ir á corte a ver as vacas e os bois. Á moza non lle gustou aquilo e díxolle que se casara cos bois e coas vacas. Isto aconteceu a mediados dos anos sesenta do pasado século XX. En Vilarello, uns pais decidiron casar ao primoxénito cunha moza, pero esta ao enterarse dixo que se casaría co segundo fillo porque era máis guapo e gustáballe máis. Os pais aceptaron entón millorar ao segundo para traer á moza para a casa porque era rica. Mais mentres isto acontece, o fillo elixido pola rapaza morreu, e esta non se quixo casar co máis vello.

O HÓRREO

Moitos cren que os hórreos, horros, son herdeiros das palafitas prehistóricas. Ademais de como despensa, nalgunhas aldeas do concello utilizábanno para depositar os corpos dos defuntos mentres non se celebraba o enterro. Ademais de

teren espazo suficiente, era un lugar limpo e onde os ratos non podían chegar.

A LAREIRA

No espazo ocupado pola lareira, en moitas aldeas, en ausencia doutro lugar axeitado, utilizábase para instalar nela ao moribundo. O cura entraba acompañado dos veciños do pobo portando velas cando lle subministraba a Extrema Unción.

A PALLOZA



Palloza

Os primeiros traballos acerca das pallozas na comarca dos Ancares foron publicados no Boletín da Real Academia Galega no mes de novembro de 1913 e no mes de abril de 1914, estudos que levan por título *Las Casas del Cebrero y Origen y antigüedad de las pallozas del Cebrero*. En liñas xerais, unha palloza é unha construción tradicional adicada a vivenda de persoas, corte para os animais e almacén, compartindo o mesmo espazo. No seu estudo sobre estas construcións na zona astur-galaico-portuguesa, F. Kruger sinala

que poden presentar planta oval, elíptica, elíptica truncada ou rectangular redondeada, adaptándose ao terreo onde asentan e encaixándose nel para protexerse dos ventos. A súa estrutura aílla do frío exterior, mantendo a calor producida pola lareira e pola fermentación do esterco. Canto á forma redonda existen varias teorías. Vicente Risco fala dunha "tendencia inconsciente de raza dun esquema tradicional". López Cuevillas di que se debe á "torpeza do construtor". Caro Baroja, xa dun xeito máis científico, atribúeo a unha evolución das primitivas cabanas do Neolítico construídas con materiais perecedoiros, tese da que participa José María Luengo, engadindo que perviviron durante a Idade do Bronce, chegando a entroncar coa cultura céltica do Noroeste peninsular. Na mesma liña están, entre outros, Boch Gimpera e García y Bellido que defenden que a palloza é unha evolución da casa redonda presente nos nosos castros. Ángel del Castillo, que nun principio compartía a orixe celta, mudou logo de opinión dicindo que non existían probas concluíntes xa que a construción circular con muros baixos e grandes teitos é unha característica dos pobos que existiron en distintas partes de Europa. Por último, como anécdota e mostra de descoñecemento, Eugenio de Salazar, un madrileño que exerceu de xuíz e fiscal en Galicia entre os anos 1559 e 1560, deixou escrito que os habitantes dos Ancares "Viven en casas redondas porque, para que quepa la ruindad de sus moradores, la figura redonda es la más capaz...".

OLUME

Ata non hai moito, existía a tradición de manter o lume aceso para alonxar os malos espíritos.

O CASTIÑEIRO E A CASTAÑA

Cando os castiñeiros estaban plantados en terreos comunais, cada propietario, para recoñecer os da súa propiedade, facíanlles unha marca. Cando se compraba ou se vendía escriturábase como unha propiedade máis. Canto ao seu froito, a castaña, din que non se poden deixar caer soas da árbore porque podrecen pronto, é preciso varexalas para que se conserven máis tempo e para que o castiñeiro se fortaleza e colla máis forza para a súa reprodución; e canto máis forte se lle pegue ao varexalos, mellor. Ata ben entrada a segundo metade do século XX, a castaña foi indispensable na subsistencia da maior parte das familias do concello e da comarca, que se complementaba con carne de xabarín, corzo, porco, etc., e tamén se comían asadas, cocidas e con leite. As castañas que caían no camiño non se recollían, deixándoas para os pobres e os peregrinos.

MÉDICOS, CIRURXÁNS, COMPOÑEDORES, CURANDEIROS...

A finais do século XIX o número de médicos que había en Galicia era case testemuñal, dise que non superaba os 100. Maior era o número de cirurxáns, se ben case todos eran barbeiros-sangradores. O médico adoitaba vivir lonxe das aldeas e mesmo da capital municipal, e as vías de comunicación eran tan deficientes que cando tiña que trasladarse a unha delas, pasaba varias horas de viaxe, e iso contando que non nevara. Non resultaba unha rareza non avisar ao médico cando se cría que a enfermidade era incurable. Cando alguén morría sen estaren presente, eran o sacerdote ou o pedáneo quen cubrían un papel no que escribían

22

"morreu de morte natural", para así poder ser enterrado. Os únicos que estaban exentos de pagar os gastos do médico eran os "pobres de solemnidade" que figuraban nunha lista confeccionada polo Concello. A xente distinguía entre enfermidades que eran competencia do médico, e as que non o eran como erisipela, cualleiro, paletilla, espinilla, esfiado, ponzoña, aire da pozoira, a sombra, o enganido, o coxo do sapo, a cisma, o rauto, mal da teupa, mal de afóra, mal de ollo, feitizos..., recorréndose, en vez de ao médico, a bruxas, compostores, manciñeiros, arresponsadores, curas, santos, cemiterios, rescriptos, allos, cornos, herbas ou remedios caseiros. En Donís, as primeiras visitas do médico son de arredor de mediados do pasado século XX. Moitas veces era o cura, consultado polos familiares do doente, quen aconsellaba chamar ou non ao médico. Nos lugares de difícil acceso, os "enfermos de médico" graves eran levados a ombros ata a estrada onde os recollía un coche para achegalos ata a consulta. En Cervantes, os únicos que podían curar "o mal de afora" eran os curas (maldicións, meigas, mortos, etc.) porque os médicos, dicía a xente, "diso non entendían" porque eran espíritos perdidos que se metían nas persoas. En Vilanova había unha praca de médico na porta do estanco que dicía: "Consulta martes, venres e días de feira", actividade que compartía con menciñeiros, compostores, etc., que adoitaban ter máis pacientes que o propio médico.

REMEDIO CONTRA A CAÍDA DA PALETILLA

A enfermidade da "paletilla" ou paleta consiste no dislocamento dalgún óso e caída das vísceras que provoca unha malformación. Para curala, na

parroquia de San Pedro de Cervantes sentaban ao enfermo nunha cadeira, igualábanlle as pernas e levantábanlle os brazos, tirando deles cara arriba ata que as mans quedaban ao mesmo nivel. Logo era necesario repouso e xantar bos alimentos. Para finalizar o ritual, outra persoa dáballe unhas masaxes e mencionaba as seguintes palabras que tería que repetir durante cinco días seguidos: "Refrégoche os ósos/de arriba ata abaixo/e ao cabo duns días/a dor dos ósos/irache pasando".

OS ORIZÓS OU ORIZOPOS

Esta doenza é unha inflamación benigna que afecta basicamente a nenos e xoves, e que aparece na beira libre das pálpebras. Para curar esta enfermidade, ademais de remedios físicos, úsanse outros de base máxico-relixiosa. Na parroquia de Cereixedo collíanse tres pallas dunha palloza; unha delas tiña que ter un no; logo poñíanse en forma triangular e prendíase lume por debaixo, mentres se recitaba o seguinte ensalmo: "Foxe orizó/que che queiman a casa/con tres pallas e un no". Na parroquia de Donís o remedio para curar ben a doenza do orizó consistía na construción dunha pequena casa de palla á que logo se lle prendía lume; mentres ardía, pronunciábanse as seguintes palabras: "Queimo a palla/e o palleiro/e queimo o meu orizopo".

A PANDEIRA

Nas montañas dos Ancares denominan pandeira a uns pandeiros redondos que levan algunhas ferreñas inseridas no marco. Fábrícanse curvando unha táboa de 5-6 mm de grosor, e cubríndoa por

un lado cunha pelica de cabra ou corzo. A pandeira leva varios grupos de ferreñas inseridas en furados rectangulares e alongados que se distribúen arredor do seu marco. En moitas aldeas, coma en Piornedo, pintábase na pel un debuxo. Na comarca, o uso deste instrumento está intimamente ligado ao canto, sobre todo feminino.

PENAS MULLERES

Situadas por riba da aldea das Casas do Río. Segundo nos contaron, en tempos que ninguén lembra, unhas mulleres que viñan de Folgoso por un antigo camiño víronse, de súpeto, arrodeadas por unha manda de lobos. Desesperadas, e cando os lobos xa se ían botar sobre elas, gatuñaron polas verticais penas, decisión que lles salvou a vida.

A PENA DO SANTO

Pena do Santo



Trátase dun monte da parroquia de Dorna, que se ergue a 1.403 metros de altitude sobre o nivel do mar. Cóntase que os veciños das aldeas dos

arredores acostumaban levar un santo ata o cume cada vez que precisaban da súa axuda (ninguén nos soubo dicir de que santo se trataba). Unha vez na parte máis alta do monte colocábanno sobre a pena (destruída despois ao colocar un vértice xeodésico), poñíanse en círculo arredor da imaxe e facían as peticións. Finalizado o ritual, baixábanno de novo para a igrexa de Dorna. A tradición asegura tamén que había unhas cruces insculpidas na pena onde se "pousaba" o santo, ademais da figura dunha imaxe que, ao parecer, representaba ao santo. Nós localizamos dúas cruces gravadas nunhas lousas.

A FONTE DOS NAMORADOS

Situada na Campa do Barreiro. Dise que cómpre beber dela tres veces para conseguir o favor da persoa amada. Mais a lenda non queda aí, senón que tamén di que se os namorados beben collidos da man, entón a parella contraerá matrimonio con total seguridade antes de que transcorra un ano.

A FONTE DE MARÍA GONZÁLEZ

Un día chegou unha muller a terras de Cervantes, dise que proveniente dalgún lugar de Asturias. A toda persoa que atopaba no camiño lle preguntaba se coñecía unha fonte de poderes milagreiros que lera nun pergameo moi antigo. Mais ninguén soubo darlle resposta. A muller, enferma e case ao bordo da morte, chegou a Piornedo. Foi alí onde un veciño lle dixo onde estaba, mais advertíndoa de que non se quedara no lugar de noite xa que podía morrer de frío ou ser devorada polos lobos. Pasou un día, e outro... e a muller non daba sinais de

vida. Mais ao noveno día, os veciños víronna baixar polo mesmo camiño que percorrera días antes. O seu aspecto xa non era o dunha muller moribunda, a cor da vida retornara ao seu lívido rosto. Cando chegou xunto os habitantes de Piornedo, contoulles que se bañara na fonte nove veces ao día durante os nove días que permanecera no lugar e que o último, unha nube negra baixou do Corno Maldito, un monte lindeiro coa provincia de León e situado a 1.849 metros de altitude sobre o nivel do mar. Cando a envolveu a nube, dos seus peitos manou un sangue negro e fedorento. Mais, de súpeto, a nube desapareceu como tragada pola auga do manancial. Cando a muller mirou para os seus peitos, viu que cada un tiña unha cicatriz que é por onde se fora o terrible mal. Dende aquel suceso, a fonte chámase de María González.

OCARDENAL ÁLVARO DE MENDOZA

Álvaro de Mendoza Caamaño y Sotomayor foi cardenal das Indias entre o 1734 e o 1761. Dise, sen fundamento histórico, que era natural do Pando e que polo seu mandato construíuse en Lama de Rei, parroquia do Mosteiro, un suntuoso pazo.

AREPÚBLICA INDEPENDENTE DE DONÍS

A finais do século XIX había unha mala comunicación con Donís. Esta quizais fose a razón para que o alguacil de Cervantes, Francisco Trabado Ponte, veciño de Sabadelle, coñecido tamén como “O Campaín de Sabadelle”, en función de axente executivo, se demorase no cobro duns recibos da contribución a aquelas xentes que tiñan que pagar por traballar as terras e tendo como únicas posesións uns carros cos que transportaban

herba, patacas ou nabos. Cando o alguacil chegou a Donís a cobrar as contribucións atrasadas un día do ano 1873, recibiu un non por resposta en todas as casas xa que a xente carecía de cartos. Ante a negativa, o Campaín comezou a ameazar aos veciños co embargo dos seus bens. Ante este ultimatum a xente reuniuse debaixo duns carballos que había preto da igrexa e acordaron declarar a República Independente de Donís. Un home do pobo arrebatoulle os recibos da contribución ao recadador que ameazou con acodir á garda civil de Becerreá. Diante disto foi despojado das súas roupas e encarcerado na capela do pobo. Alí permaneceu ata que a garda civil, ante a súa tardanza, o rescatou poñendo fin á República.

ACOVA DA MEIGA

Esta cova é citada por Eladio Rodríguez. Di que está formada en terreos calcario-cambrianos, na cal se oculta a corrente do regueiro de Covas, cuxas augas reaparecen de novo máis abaixo.

ACOVADOS MOUROS

Está non moi lonxe da aldea do Pandelo. Na actualidade atópase cegada por un derrube. Contáronnos que ten varias galerías. Nunha delas había unha mesa con selas ao redor onde se sentaban os mouros a deliberar. Dise que vai dar a unha casa do lugar.

A FURADA DA RAPOSA

Na parroquia de Vilasante. Trátase dunha cova onde se refuxiaban os fuxidos durante e despois da Guerra Civil.

DÁMASO ALONSO NOS ANCARES

No ano 1962, o afamado escritor Dámaso Alonso estivo en varios sitios do concello de Cervantes para saber se na parte galega dos Ancares dábanse os mesmos fenómenos dialectais que nos leoneses. Foi na súa estadía en Xantes cando soubo que nunha das pallozas da aldea desenvolvérase un acontecemento que semellaba retrotraelos a épocas remotas. Vivía na palloza un vello con dúas fillas e dous fillos, xa maiores. A noite do suceso as dúas fillas atopábanse na casa veciña. O vello xa deitara. Manuel, un dos fillos, saíra un momento deixando a porta entreaberta. O outro, Xoán, que durmiñaba sentado nun dos escanos da lareira, non prestou maior atención á entrada dunha mastina da casa que andaba en celo, e entrou seguida de dous que a Xoán, medio durmido, lle semellaron cans, mais non lle soaban de que pertenceran ao pobo. Abriu ben os ollos, e ergueuse dun salto: Eran lobos! Regresaba entón Manuel de fóra. "Pecha a porta! -berroulle Xoán-, haiche dous lobos na casa". Ao oír ao home, un dos lobos tentou ganar a porta, mais Manuel, un xigante, logrou atrapalo. Case totalmente a escuras loitou co lobo, mais unha especie de gruñido deste fíxolle crer que era un can, e deixouno marchar. Pechou a porta, e quedou dentro o outro lobo. Os dous irmáns comezaron a perseguilo por toda a palloza. Cando fuxía, o lobo caeu sobre un dos escanos, onde case ao mesmo tempo, un dos homes suxeitouno polo rabo e o outro deulle tal golpe co mango dunha aixada que o pobre animal caeu redondo. Os da casa onde se

hospedaban Dámaso Alonso e o seu acompañante Vicente García Yebra contáronlles que era raro o inverno que non entraban os lobos en Xantes, e que os osos chegaban moi cerca do pobo.

EN BUSCA DE XOSÉ MARÍA CASTROVIEJO

A escritora inglesa Nina Epton, na súa viaxe a Galicia nos anos sesenta do pasado século, que deixou plasmado no seu libro Uvas e granito, relata as penurias que pasou para chegar aos Ancares en busca do escritor e xornalista Xosé María Castroviejo ao que atopou nunha palloza da parroquia de Donís arrodado de enfermos a causa, di, da “endogamia e a pobreza”.

A PITA DO MONTE

Da familia "tetranoide" é, quizais, a ave de maior tamaño da fauna galega, con cola característica en forma de abano e pruma negra con irisacións e tonalidades que van variando da cola ao peito e deste ás as. As femias son máis pequenas que os machos, presentan tonalidades na prumaxe tendentes á cor parda e ao abrancazado e o seu carácter é bastante esquivo. O máis característico desta ave é o cortello nupcial. Ao chegar a primavera os galos reúnen ao amencer nunha zona denominada como “cantadeiro” onde tentan atraer as femias mediante o seu canto e a exhibición da plumaxe. Durante o canto, o galo chega nalgún momento a perder o sentido do oído, o que foi aproveitado polos cazadores para abatelo. Despois da súa exterminación na parte galega, foi declarada unha ave protexida. Era común vela na Cabanavella, considerado un dos

mellores cantadeiros de pita do monte da serra dos Ancares. Ignacio Munilla Rumbao, investigador da Universidade de Santiago, expuxo nunhas xornadas celebradas no Piornedo en novembro de 2013, que a extinción da pita do monte na serra dos Ancares estivo directamente relacionada coa caza furtiva.

O DERRADEIRO OSO DOS ANCARES GALEGOS

Sábese que no século XIX os osos xa escaseaban en Galicia, mais aínda se podían ver algúns, ademais doutras zonas do país, nas montañas dos Ancares e do Courel. No seu Viaje por los montes y chemineas de Galicia. Caza y cocina gallegas (1962), no capítulo Del oso filosofante y gruñón, que aún mora en los Ancares, José María Castroviejo e Álvaro Cunqueiro falan do derradeiro oso pardo (*Ursus arctos*) que viviu nos montes dos Ancares galegos. Din que foi un home de Castelo de Frades, chamado Manuel Cedrón, quen despois de meterse na gorida do plantígrado, matouno dun disparo. Contan que este home, de neno, dende a solaina do seu pazo vía os osos e os seus osiños (orgaños lle chaman por aquí) andar polos prados próximos á aldea. Descoñecemos se se trata da mesma osa e unha cría, recollido nas crónicas da época, mortas na Pena Boullosa (tamén en Cervantes) no ano 1942 por un veciño da Freita. Mais, trátese ou non do mesmo suceso, o certo é que a súa extinción estaba anunciada. Do que non semella haber dúbidas é de que o derradeiro oso de Galicia foi abatido o 17 de xuño de 1946 por Camilo Lloves González en Coucieiro, no concello de Padrenda, "fazaña" que mesmo foi premiada polo gobernador civil de Ourense Vicente Muñoz Calero.

O ENCANTAMENTO DA CAMPA DO BARREIRO



A Campa do Barreiro

Un xastre que ía coas cabras para levalas ás brañas pasou pola Campa do Barreiro e ao chegar a un prado que era dun veciño observou que estaba instalado un posto como os que hai nas feiras e que ofertaba moitas e moi variadas cousas... mesmo tesoiras! Este posto ambulante era atendido por unha rapaza loira moi fermosa, elegante e disposta.

Ao pasar por diante, o xastre sentiu que o chamaban:

-Oia, señor! Faga o favor!

O xastre achegouse onda ela e esta díxolle:

-Señor, que é o que máis lle gusta de todo o que hai aquí?

El, como era xastre, contestoulle:

-As tesoiras!

A rapaza, entón, deullas, ao tempo que lle dicía:

-Pois tómeas! Se as cravara no seu corazón! Se me houbese elixido a min podería ir con vostede e ser felices os dous!

Dicindo isto, desapareceu a rapaza e o posto.

Claro, a moza era unha princesa que tiña un encanto!

UNHA CIDADE NOS ANCARES: CAPARA

O pozo de Ferreira está na aba do Cuíña, un dos picos da Serra dos Ancares. Era un matrimonio moi rico que vivía nunha cidade chamada

Capara e tiña unha filla á que estexaban dous mozos. A nai da rapaza quería que casase co rico mentres que a moza prefería ao máis pobre. O pai da moza, para solucionar as diferenzas, propúxolles aos dous pretendentes que aquel que antes rematase de levar unha presa dende o Pozo de Ferreira á cidade de Capara casaría coa filla. Esta é a razón que explica que haxa dúas presas en paralelo que saen do mesmo pozo. Postos á obra o que chegou antes coa cal de auga á cidade foi o pobre pero a nai da rapaza non lla quixo dar en matrimonio. Pasou o tempo, veu unha treboada que asulagou Capara e desapareceu. Por iso quedou o dito: "A cidade de Capara asulagouse por home bon e muller mala".

Nota: No Códice Calixtino aparece o nome de Capara. A evolución fixo que fose castelanizado por Alcaparra.

O PAZO DE SAAVEDRA

Coñecido tamén como Pazo de Vilarello. Segundo a tradición é aquí de onde procede a liñaxe de Miguel de Cervantes Saavedra, o autor de O Quixote.

AS BRUXAS NA FRANXUEIRA DOS OLMOS

Preto da aldea dos Olmos, na parroquia de Vilaquinte, hai un monte coñecido como A Franxueira. Trátase dun terreo ladeiro moi

empinado e pedroso que vai parar ao río Ser. Neste lugar dicíase que era onde se xuntaban co demo as bruxas desta contorna polas noites.

O RENUBEIRO

Xosé Benito Reza recolle a conversa cunha veciña dalgún lugar do concello de Cervantes. Contoulle a muller que en tempos vivíase con moito medo: á sarabia, á neve, ás treboadas, ao lobo... e ao demo. Co demo viñan os "renubeiros", e con eles os tronos, os lóstregos e os incendios que asolaban aldeas enteiras. Sucesos que nada tiñan que ver cos fenómenos naturais senón cunha maldición. Por iso se rezaba a Santa Bárbara "que no ceo estás inscrita, garda pan e garda viño, para os pobres do camiño". Tamén se rezaba a San Xosé, ao San Antonio, ao Santo Anxo da Garda e á Virxe Negra de Vilarello, sobre todo cando os paxaros da noite e as cobras se achegaban ás casas. Continúa a muller que antes colocábanse cruces nos cumes dos montes e nas entradas dos vales para afastar ao "renubeiro". Colgábanse xestas nas portas das pallozas cando ía tormenta, e polas aldeas plantábanse sabugueiros, tamén nos cemiterios e nas casas abandonadas que é por onde máis anda o maligno. Para alonxar ao demo ían ver ás "saludadoras" para que fixeran o esconxuro, ou mandábase un tizón por riba da palloza o día do nacemento de Cristo.

O ENTERRO DO HOME QUE ESTABA VIVO

Aconteceu en Donís. Ían enterrar vivo a un home moi pobre. Cando o levaban tumbado nunha escaleira cara o cemiterio, atopáronse cun veciño de Corneantes que se encarou coa comitiva.

-Onde levades a este home?

-Imos a enterralo porque por ter, non ten nin para comer -responderon os de Donís.

-Deixádeo, que eu lle darei trigo.

Ao escoitar o ofrecemento, o morto-vivo ergueu a cabeza e preguntou:

-Cocido ou sen cocer?

-En gran -respondeu o de Corneantes.

-Pois que continúe o enterro! -dixo o pobre tumbándose de novo na escaleira.

O LOBISHOME DE DOIRAS

Cóntase que un pai non deixou ao fillo ir a unha festa que se celebraba en Pedrafita do Cebreiro, mais o rapaz, despois de moito discutir, conseguiu o seu desexo. O pai, encabuxado, deitoulle unha maldición, dicíndolle que se tanto gostaba das mozas así andase tras das lobas. E a maldición cumpriuse. Unha noite o mozo sentiu como unha forza sobrenatural o apurraba fóra da casa, cara o monte. Cando se decatou andaba a catro patas: convertérase en lobo que axiña encomezou a matar o gando. O pai, lembrándose da maldición, recorreu a unha meiga para que volvera ao fillo ao

seu estado anterior. A meiga díxolle que o único xeito era que o ferise, mais cunha ferida leve xa que, se era grave, morrería. E así fixo o pai que, cando se lle presentou a ocasión, cortou cun coitelo a pel do lobo. Pouco a pouco, o mozo volver a transformase en home.

O LOBISHOME DE VILARELLO DE DONÍS

Antigamente había o costume de meter criados nas casas para axudar nos labores, e un señor de Vilarello de Donís ordenou de meter un criado; andou buscando e atopou un que lle valía para o que el quería. O que logo había ser un criado díxolle ao señor que si, que el ía traballar á súa casa pero que lle tiña que deixar a noite libre. Acordárono os dous así. Polo mesmo o criado traballaba todo o día e á noite collía e marchaba da casa.

O amo preguntábase:

-Pero, que vai facer este pola noite? Onde vai?

Unha noite deulle por seguilo e observou como o seu criado chegou a unha poza e envorcallouse todo e logo volveuse lobo e deu en oular. Nisto xuntáronse e os dous quedaron mirándose. O señor marchou e non dixo nada. Á noite seguinte díxolle ao seu criado:

-Xa sei ao que vas! Que é o que che pasa para andares desta maneira?

-Non che se ocorra volver que se non comémoste, e o primeiro en facelo son eu! -díxolle o criado.

-Pero, non hai forma de saír desa situación? Non vas estar así toda a vida! -Eu estou encantado.

-E non hai forma de desencantar? -Hai, pero non teño valor para iso. -Di a ver!

-Mira cando me envorcallo e..., pero non o vas facer..., e me enlouce no po, levas unha fouce e pégame unha fouzada todo canto podas no lombo e tiras por el e fasme unha... é do único xeito que poderás... Pero non vas ter valor!

E para a noite seguinte volveu o señor xunto do criado, parece que o home non era temido e foi e fíxollo. O criado unha vez recuperado non volveu marchar máis. Desfíxose o encantamento.

UNHA HISTORIA DE LOBOS

Unha noite viña un veciño de Piornedo de volta da Pobra de Navia cando, de súpeto, puxéronse diante dous lobos. O home levaba canda el un enorme coitelo e unha manta para protexerse do frío. Acurralado, envolveu a manta no brazo esquerdo e ofreceullo aos lobos, mentres co dereito agarraba con forza o coitelo. Os lobos, ao velo tan decidido a atacalos, apartáronse do camiño e deixáronno marchar.

A ORIXE DO NOME DE SAN TOMÉ DE CANCELADA

Escudo



Nunha vella ficha confeccionada para incluír no Dicionario Geográfico Español, recóllese a testemuña dun veciño de San Tomé no que achega a súa versión sobre a procedencia do nome Cancelada. Nunha ermida que hai en Vilartote vivía unha gran serpe que devoraba a todo aquel que se achegara ata o lugar. O rei prometeu unha gran cantidade para aquel que lograra acabar con ela. Acodiron cabaleiros de toda a contorna pero nada conseguiron, as frechas e as espadas non conseguían penetrar as fortes escamas do animal. Mais un bo día aceptou o reto un fidalgo de Vilartote, acompañado polos seus cans Can e Celada. A serpe dispúxose a atacalos, mais cando abriu a boca o fidalgo lanzoulle sete bolas de la que se foron enrrodando nos dentes do ofidio, ocasión que aproveitou o fidalgo para cortarlle a cabeza. Cando o rei foi a darlle a recompensa prometida, o fidalgo só pediu que, atopase onde se atopase, nunca lle faltara comida para el, para o seu cabalo e os seus cans Can e Celada.

UN MORTO MATA CATRO VIVOS NA FRANXUEIRA DOS OLMOS

Sucedeu na Franxueira dos Olmos, na parroquia de Vilaquinte, onde un morto matou a catro vivos. Asegura a xente que isto foi certo. Nunha ocasión levaban enterrar un defunto entre catro por un sendeiro estreito que cruza a Franxueira; un deles tropezou e caeron os catro co cadaleito polo monte abaixo; e matáronse.

EN CERVANTES, UN MORTO MATOU DOUS VIVOS

Foi na primeira metade do pasado século XX. Nun día gran nevarada morreu un veciño dun pobo de Cervantes. Dous veciños da aldea marcharon a San Román, a capital municipal, para que o xuíz de paz emitira o certificado de defunción e así poder dar sepultura ao defunto. Mais na volta cara a aldea para darlle o certificado ao cura botóuselles a noite enriba, mais tal era o frío que morreron conxelados. De aí o dito: "En Cervantes un morto matou dous vivos".

UN CRIME NO PORTELO

A aldea do Portelo atópase a 1.060 metros de altitude. Ten catro casas, tres no municipio de Balboa (provincia de León) e unha no concello de Cervantes. Na actualidade non vive ninguén, só no verán se ve algunha actividade. O pobo leonés máis próximo é Castiñeiras cuxos veciños síntense galegos e falan en galego. No ano 1934 produciuse no Portelo un dobre crime debido a unha discusión por unha partida de cartas. Unha das persoas que morreu a estacazos ocasionou un conflito xurisdiccional sen precedentes entre a xustiza, e todo porque o morto caeu en dous territorios, quedándolle os pés nun lado e a cabeza no outro. Os xulgados non se poñían de acordo para ver quen levantaba o cadáver e actuaba. Ao final foi o de Galicia porque fora onde lles quedarán os pés ao morto. Segundo testemuñas presenciais, razoouse así porque os pés ían para onde lles mandaba a cabeza.

BIBLIOGRAFÍA

- Amigo González, A.: En Lucensia: Cervantes (Lugo) un concello con lenda. (2002)
- Ares Vázquez, N.: Estudos de toponimia galega. (2013)
- Balboa Salgado, A: Gallaecia nas fontes clásicas. (1996)
- Caridad Arias, J.: Toponimia céltica de Galicia. (2006)
- Coedo Novo, J. L.: Os Ancares Lucenses. (1999)
El Progreso (xornal)
- Galicia Encantada (páxina web)
- González Reboredo, X. M. E Rodríguez
- Campos, X.: Antropología y etnografía de las proximidades de la sierra de Ancares. (1990)
La Voz de Galicia (xornal)
- Lisón Tolosana, C.: Brujería, estructura social y simbolismo en Galicia. (1979)
- Mámoas, petroglifos e castros da comarca dos Ancares (páxina web)
- Martínez Salazar, A.: Algunos temas gallegos. (1948)
- Moure Salgado, X.: Tradicións e lendas sobre a morte na comarca dos Ancares. (2013)
- Patrimonio da comarca dos Ancares (páxina web)
- Peinado, M.: Un curioso escudo en Los Ancares. (1964)
- Reza, X. B.: Vivir en Ancares. (2002)



OS ANCARES LUCENSES
RESERVA DA BIOSFERA



Concello de Cervantes



Colectivo Patrimonio dos Ancares